



RESOLUCIÓN DE 7 DE XULLO DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DECLARAN CON CARÁCTER DEFINITIVO OS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E BAREMACIÓN PROVISIONAL NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 10 DE MARZO DE 2021 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 10 de marzo de 2021 (DOG n.º 56 do 24 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data 18 de xuño de 2021 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Área Sanitaria,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna.


Segundo: Publicar a listaxe provisional de baremación, que tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

Terceiro: Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as como a listaxe provisional de baremación, a través do taboleiro de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84) / páxina web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

Cuarto: Abrir un prazo para presentar reclamacións contra a resolución provisional de baremación, dende o día seguinte á publicación desta resolución e ata o 31 de agosto de 2021, ambos os días incluídos.

A Coruña, 7 de xullo de 2021

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

 **SERVIZO GALEGO de SAÚDE** | **Área Sanitaria da Coruña e Cee**

XERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro